

Boletín de Información Cultural de Lugo

CATAS LITERARIAS NO MIHL - MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

As **Catas Literarias** consisten nunha merenda de tapas e viño dunha DO galega, cunha actuación musical, como preludivio á conversa cun autor ou autora que falará especialmente do seu último libro. Celébranse todos os segundos xoves de mes. Tamén hai **Bocatas Literarios**, para público infantil. Máis información: <http://mihlcatasliterarias.com>

PRÓXIMA CATA: Xoves 10 de marzo, co Dr. José Ramón Germá Lluch

CASA DA XUVENTUDE

EXPOSICIÓN HISTÓRICA PIONEIRAS: JIMENA E ELISA FERNÁNDEZ DE LA VEGA E LOMBÁN

Horario: de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 21:30

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

MUSEO PROVINCIAL – SALA MULTIUSOS

EXPOSICIÓN FIGURAS NA VITRINA. ABRINDO A SALA DO TESOURO. Arte contemporánea (14 artistas) ao redor da colección de ourivería Gil Varela

Datas: Ata o 30 de abril

Horario: Luns a venres 9:00-21:00; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; domingos e festivos 11:00 a 14:00

Organiza: Rede Museística Provincial de Lugo

DEPUTACIÓN PROVINCIAL – SALA DE EXPOSICIÓNS (Praza de San Marcos)

EXPOSICIÓN AIRIÑOS AIRES, ROSALÍA. Fotografías de Xurxo Lobato

Datas: Ata o 30 de marzo

Horario: Luns a venres 11:00-14:00 e 17:30-20:30 / Sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00 / Domingos e festivos 11:00-14:00

Organiza: Rede Museística Provincial de Lugo / Casa de Rosalía / Obra Social "La Caixa"

CAPELA DE SANTA MARÍA

EXPOSICIÓN IMAXINANDO CANTARES GALLEGOS

Datas: Ata o 18 de marzo

Lugar: Capela de Santa María

Organiza: Área de Cultura da Deputación de Lugo

XVI MOSTRA DE TEATRO CLÁSICO DE LUGO - 2016

Dende o 11 de febreiro ata o 12 de marzo celébrase a XVI Mostra de Teatro Clásico, organizada pola Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo. Nestes boletíns semanais iremos avisando día por día de cada obra. Máis información: www.lugo.gal / [fb.com/LugoTurismo](https://www.facebook.com/LugoTurismo/) / [@lugoturismo](https://www.instagram.com/lugoturismo)

CURSOS DE CESTERÍA CON VIMBIO VIVO E CESTERÍA CREATIVA

A cargo da cesteira Idoia Cuesta (premio nacional de artesanía)

-Domingo 28 febreiro, Cestería con vimbio vivo. De 10:30 a 14:30 e de 16:00 a 19:00. Utilizando as varas da poda, aínda vivas, cada un dos participantes fará a súa estrutura de vimbio. O alumno levará unha maceta coa súa creación de vimbio vivo. Prezo: 35€, 30€ os socios da AGCT. Inscricións e info: casadasinsuas@gmail.com ou no 626420766.

-Domingo 13 de marzo, Cestería creativa. De 10:30 a 14:30 e de 16:00 a 19:00 h. O alumno levará as súas creacións de cestería creativa. Prezo: 35€, 30€ os socios da AGCT. Inscricións e info: casadasinsuas@gmail.com ou no 626420766.

Lugar: Casa das Insuas, xunta a ponte vella de Rábade

Organiza: Asociación Galega de Custodia do Territorio

CURSOS DE FRUTICULTURA

-Sábado 27 de febreiro, de 9:00 a 14:00: *Curso de introdución á poda de formación.*

-Sábado 5 de marzo, de 9:00 a 14:00: *Curso de introdución ó enxertado.*

Información e inscricións: casadasinsuas@gmail.com ou no 626420766 / Prezo: 20 euros un curso, ou 30 os dous.

Lugar: Casa das Insuas e Xardín das Froiteiras de Rábade

Organiza: Asociación Galega de Custodia do Territorio

CURSO DE CIENCIA APLICADA Á COCIÑA E Á INDUSTRIA ALIMENTARIA (aberto o prazo de matrícula)

Será impartido do **29 de febreiro ó 4 de marzo** no IES Sanxillao por profesores/investigadores de Universidade de Santiago de Compostela, TASTELAB, Basque Culinary Center, Universidades de Granada e Málaga

Información: www.cienciaycocina.com; info@cienciaycocina.com

Organiza: TASTELAB – Universidade de Santiago de Compostela

Patrocinan: Concello de Lugo – Deputación de Lugo – Martín Codax – Quescrem – Candelas – Caixa Rural Galega

INSCRICIÓN PREVIA NO OBRADOIRO “A LANTERNA MÁXICA ROSALIANA”

O obradoiro celebrárase o mércores **9 de marzo**, de 17:30 a 19:30, na Sala de Exposicións da Deputación, dentro da programación especial encol do 24 de febreiro, Día de Rosalía. Para nenas e nenos a partir dos 6 anos. Inscrición previa chamando ao teléfono 982-260-180 ou no correo-e ana.culturaedeporte@deputacionlugo.org

Organiza: Área de Cultura da Deputación de Lugo

ABERTO O PRAZO DE INSCRICIÓN AO III CONGRESO DE XÉNERO, MUSEOS, ARTE E EDUCACIÓN

Dende o mércores 24 está aberto o prazo de inscrición ao *III Congreso de Xénero, Museos, Arte e Educación* que organiza a Rede Museística Provincial de Lugo, dependente da Área de Cultura da Deputación de Lugo, para os días 3, 8, 9, 11 e 12 de marzo do presente ano. A reserva de prazas será por rigorosa orde de inscrición, e o seu número é o seguinte:

Público en xeral: 50 prazas (días 3, 9, 11 e 12) e 70 prazas (día 8)

Profesorado: 20 prazas (sesión de tarde día 3, 9, e 11).

Información e inscrición: <http://redemuseisticalugo.org/IIIGeneroMuseosArte/portada.asp>

OBRADOIRO DE VESTIMENTA ROMANA E CASTREXA

Na Casa da Xuventude, para todas as idades. A tea, o tinguido, a elaboración da vestimenta, os accesorios,,

Todos os mércores de 18:00 a 21:00, e os sábados de 11:00 a 14:00

Inscripción: Casa da Xuventude – Iuventa / Rúa Xesús Bal e Gay, 10 / Tf. 982 297 444

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

CONCERTO NO CLAVI

Data: Venres 26 de febreiro

Concerto: Foolmakers / Jazz

Lugar: Club Clavicémbalo

Hora: 23:55

Entradas: No local

ANIMACIÓN Á LECTURA E CONTACONTOS 2016

Data: Sábado 27 de febreiro

Actividade: Tarabelos: *Obradoiro de contos con Miró*

Idade: A partir de 6 anos (máximo de 25 asistentes)

Duración: 90 minutos

Lugar: Museo Interactivo da Historia de Lugo

Hora: 12:00

Entrada: Gratuíta con invitación. As tarxetas de invitación están dispoñibles na Biblioteca Municipal desde o luns da semana correspondente á actuación, a partir das 16:30 e por estrita orde de chegada. Máximo de dúas invitación por persoa

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

XVI MOSTRA DE TEATRO CLÁSICO 2016

Data: Sábado 27 de febreiro

Obra: *Medea*. Adaptación da traxedia de Séneca

Compañía: Teatro de la Ciudad, S. L. / Dirección, Andrés Lima

Lugar: Auditorio Municipal Gustavo Freire

Hora: 20:30 / Duración, 1h 15m

Entradas: Zona A, 10 euros. Zona B, 8 euros. Venda: No portal web entradas.lugo.es desde o 8 de febreiro ata tres horas antes do comezo de cada función / No Auditorio, os venres entre o 12 de febreiro e o 11 de marzo, de 18:00 a 21:00 / Na Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo 11, no seu horario habitual / No Auditorio, os días de función, desde hora e media antes do comezo do espectáculo / Desconto do 20% para persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG (as persoas que adquiren estas entradas deberán acreditarse na porta de acceso)

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

CONCERTO NO CLAVI

Data: Sábado 27 de febreiro

Concerto: Green River / Rock

Lugar: Club Clavicémbalo

Hora: 23:55

Entradas: No local

TEATRO NO AUDITORIO MUNICIPAL DE LUGO

Data: Domingo 28 de febreiro

Obra: *Iba en serio*, con Jorge Javier Vázquez

Lugar: Auditorio Municipal Gustavo Freire

Hora: 20:00

Entradas: Desde 20 euros. Á venda en Ataquilla.com

Organiza: Galimusic Produc. Audiovisuales

CINE DO CLUB VALLE-INCLÁN

Data: Luns 29 de febreiro

Película: *Mercedes Sosa, a voz de Latinoamérica*, documental de Rodrigo H. Vila. República Arxentina

Lugar: Salón de Actos do Pazo de San Marcos (Deputación Provincial)

Hora: 20:00

Entrada: Libre e gratuíta, ata completar a capacidade

Organiza: Club Cultural Valle-Inclán. Máis información: www.clubvalleinclan.org

XVI MOSTRA DE TEATRO CLÁSICO 2016 Sección OFF

Data: Martes 1 de marzo

Obra: *Royal Flush. Shakespeare Vs Cervantes*. Adaptación de *A fera domada* e *A ilustre fregona*. Espectáculo en inglés. Nivel necesario: medio. Idade recomendada, a partir dos 10 anos e adultos

Compañía: Cup of Theatre / Dirección, Rebeca Cobos

Lugar: Auditorio Municipal Gustavo Freire

Hora: 20:30 / Duración, 1h 10m + 20m de coloquio co equipo

Entradas: Entrada única, 5 euros. Venda: No portal web entradas.lugo.es desde o 8 de febreiro ata tres horas antes do comezo de cada función / No Auditorio, os venres entre o 12 de febreiro e o 11 de marzo, de 18:00 a 21:00 / Na Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo 11, no seu horario habitual / No Auditorio, os días de función, desde hora e media antes do comezo do espectáculo

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

PROGRAMACIÓN ESPECIAL ENCOL DO 24 DE FEBREIRO, DÍA DE ROSALÍA

Data: Mércores 2 de marzo

Actividade: Espectáculo de monicreques *A viaxe de Rosalía* con Larraitz Urrusola

Hora: 17:30 horas

Lugar: Sala de Exposicións da Deputación

Entrada: Libre ata completar a capacidade. Unha vez comezada a función pecharanse as portas

Organiza: Área de Cultura da Deputación de Lugo

MESA REDONDA EN CELEBRACIÓN DOS 50 ANOS DO CLUB CULTURAL VALLE-INCLÁN

Data: Mércores 2 de marzo

Mesa Redonda: *A evolución de Lugo no último medio século: urbanismo e sociedade*, con Santiago Catalán Tobía, Xosé Anxo Carreira Montes (arquitectos) e Elena Freire Paz (antropóloga social). Introducción con imaxes de Felipe Arias Vilas, que actuará tamén de moderador.

Hora: 20,00

Lugar: Salón de actos da Casa do Saber, Vicerrectorado de Lugo

Entrada: Libre ata completar a capacidade

Organiza: Club Cultural Valle-Inclán, coa colaboración da USC

ANIMACIÓN Á LECTURA E CONTACONTOS 2016

Data: Xoves 3 de marzo

Actividade: Escuela Waldorf Meniñeiros: *La liebre cilla de Pascua*

Idade: De 3 a 6 anos (máximo de 20 asistentes)

Duración: 40 minutos

Lugar: Biblioteca Municipal (Parque da Milagrosa)

Hora: 17:30

Entrada: Gratuíta con invitación. As tarxetas de invitación están dispoñibles na Biblioteca Municipal desde o luns da semana correspondente á actuación, a partir das 16:30 e por estrita orde de chegada. Máximo de dúas invitación por persoa

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

XVI MOSTRA DE TEATRO CLÁSICO 2016

Data: Xoves 3 de marzo

Obra: *Sanchica, princesa de Barataria*

Compañía: Estival Producciones / Dirección, Pedro Villora

Lugar: Auditorio Municipal Gustavo Freire

Hora: 20:30 / Duración, 1h 20m

Entradas: Zona A, 10 euros. Zona B, 8 euros. Venda: No portal web entradas.lugo.es desde o 8 de febreiro ata tres horas antes do comezo de cada función / No Auditorio, os venres entre o 12 de febreiro e o 11 de marzo, de 18:00 a 21:00 / Na Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo 11, no seu horario habitual / No Auditorio, os días de función, desde hora e media antes do comezo do espectáculo / Desconto do 20% para persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG (as persoas que adquiren estas entradas deberán acreditarse na porta de acceso)

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

TEATRO NO CLAVI

Data: Xoves 3 de marzo

Compañía: Microefectos dramaturxicos

Lugar: Club Clavicémbalo

Horas: Dúas funcións, ás 20:30 e 22:30

Entradas: No local

PROGRAMACIÓN ESPECIAL ENCOL DO 24 DE FEBREIRO, DÍA DE ROSALÍA

Data: Venres 4 de marzo

Actividade: Concerto de Solo Voces *Eu cantar, cantar, cantei...a Rosalía*

Hora: 20:00

Lugar: Capela de Santa María

Organiza: Área de Cultura da Deputación de Lugo

TEATRO NO CLAVI

Data: Venres 4 de marzo

Compañía: Microefectos dramaturxicos

Lugar: Club Clavicémbalo

Horas: Dúas funcións, ás 20:30 e 22:30

Entradas: No local

CONCERTO NO CLAVI

Data: Sábado 5 de marzo

Concerto: Aló Django

Lugar: Club Clavicémbalo

Hora: 23:55

Entradas: No local
